



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE ABRIL DE 2020

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

Acordouse a convalidación dos seguintes contratos adxudicados por vía de emerxencia:

- Subministración de 80 máscaras para o persoal do Concello, a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. por 307,34 euros, IVE incluído.
- Novos contratos de “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social”, adxudicados polos prezos máximos que se indican a GADIS, ALCAMPO, CARREFOUR e FAMILIA- EROSKI CENTER por 10.000,00 euros cada un deles (IVE engadido).
- Subministración de 2 termómetros dixitais con sistema de medición por infravermellos, a CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. por 255,94 euros (IVE incluído).
- Servizos de apoio microinformático para a implantación do teletraballo, a EDNON, S.L. por 7.260,00 euros (IVE incluído).
- Subministración dunha aplicación de xestión para a Policía Local a LABRAX SOLUCIONES, S.L. por 33.299,20 euros (IVE incluído).

Deuse conta da paralización dos seguintes contratos de obra:

- Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro –Fase 1-, adxudicado a ALCOMTE GALICIA, SA.
- Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras, adxudicado a MECANO OBRAS Y PROYECTOS, SL.

3.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL). Dase conta.

4.- Dación de conta do informe de xestión do programa de Servizos Sociais "Adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos por persoas en situación de vulnerabilidade social". Dase conta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de rehabilitación de edificio con destino a casa do Deán na rúa Carretas, 29-33. LIC1090/2018. Acórdase conceder ao Arcebispado de Santiago de Compostela a licenza para realizar as obras de rehabilitación do devandito edificio, de acordo co “Proxecto Modificado básico e de execución para a rehabilitación do edificio con destino á casa do Deán na Rúa de Carretas, nº 29”, ao cumprir a normativa de aplicación do “Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica” (PE-1)”, cun orzamento de execución material de 274.368,90 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á continuidade na execución do contrato de "Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase aprobar a continuidade do contrato de "Servizo de dinamización e mediación sociocultural da Rede de Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela", formalizado coa empresa FERROVIAL SERVICIOS, SA; durante o período no que se manteña vixente o estado de alarma declarado inicialmente polo RD 463/2020 de 14 de marzo e as súas posteriores prórrogas que proseguirá a súa execución de acordo cos protocolos de actuación e plans de continxencia elaborado pola empresa.

7.- Dar conta de Sentenzas. Deuse conta das seguintes sentenzas:

- 65/2020, contra o Decreto do 22/3/2019 que inadmite a solicitude de revisión de oficio do Decreto do 1/01/2009, que acordou liquidación do IIVTNU.
- 67/2020, de recurso contra o Decreto 8/5/2019 que desestimou recurso de reposición e confirmou sanción de 60 euros por desobediencia a sinal de prohibición.
- 56/2020, de recurso contra o Decreto do 158/03/2018 que inadmite a trámite recurso extraordinario de revisión contra Decreto do 21/08/2015 que impuxo ao recorrente e a outros tres multa coercitiva de 1.200 euros así como contra actuación de vía de feito de execución polo concello.
- 64/2020, de recurso contra o Decreto do 16/04/2019 que desestimou recurso de reposición contra outro anterior que concedeu bonificación do 50% do IIVTNU no canto da solicitada do 75%.

URXENCIAS

- 1. Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, relativa á aprobación do proxecto de rehabilitación enerxética de edificios de titularidade municipal.** Acórdase aprobar o proxecto técnico de "Rehabilitación Enerxética de Edificios Municipais", que contará cun un orzamento básico de execución de 454.848,11 euros (IVE engadido) e un prazo de execución previsto de 49 días hábiles. Os edificios sobre os que se levará a cabo a intervención son os CSC de Fontiñas, Vite, Santa Marta e Pontepedriña; o campo de fútbol de Santa Isabel-Pavillón de Santa Isabel; Pavillón de Roxos; Edificio Cersia; Casa das Asociacións de Cabes; Casa das Asociacións de Cornes; e Centro Ocupacional de Aríns. As intervencións consistirán en pequenas obras de reforma para a implementación de medidas de mellora da eficiencia enerxética par acadar aforros no consumo enerxético.
- 2. Recoñecementos extraxudiciais de crédito:** Resólvese continuar coa tramitación administrativa de:
 - Recoñecemento extraxudicial de crédito formulado polo Departamento de Mocidade, relativo aos gastos de prestación do servizo de xestión de actividades no Centro Xove de creación cultural e locais de música para a xuventude de Santiago, do mes de febreiro de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 4.596,79 euros, a favor de Serviplustotal.
 - Recoñecemento extraxudicial de crédito formulado polo Servizo de Deportes, , relativo aos gastos de prestación do servizo de diversas reparacións nos sistemas de calefacción e auga quente en instalacións deportivas, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 2.117,43 euros a favor de Calefaccións Simón S.L.
 - Recoñecemento extraxudicial de crédito formulado polo director de Área de Réxime Interior relativo aos gastos dos diferentes servizos sen contrato e vigor e aprobación de indemnización substitutiva por importe total de 13.679,50 euros, por:
 - Subministro de gas e gasoleo: Naturgy Iberia SA e Ulla Oil, SL, por 5.889,23 euros.

- Mantemento de copiadoras: Nea F3 Ibérica, por 1.611,24 euros.
 - Mantemento de ascensores: Schindler, por 262,16 euros
 - Mantemento e reparación edificios: Otero Fernández, e Resin Suministros, por 5.906,87 euros.
3. **Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa a dar conta da sinatura de dous convenios de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago.**
- a. **Convenio polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural, durante o ano 2019.** Dáse conta.
 - b. **Convenio polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2019.** Dáse conta.
4. **Proposta da concelleira de Benestar Animal, de aprobación do convenio de colaboración coa Fundación Refuxio de Animais:** Acórdase aprobar o convenio de colaboración, por 200.000 euros anuais, en catro aportacións trimestrais de 50.000 euros cada unha.